



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas do trece de decembro de dous mil dezaioito, reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asiste o concelleiro Don Álvaro Santos Ramos.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Polo Sr. Alcaldeponse de manifesto que se procederá seguidamente á celebración da sesión solicitada polos concelleiros do Grupo Socialista, e unha vez que remate á celebración de outra sesión convocada para tratar outros asuntos, entre eles, o orzamento para o exercicio de 2019. Fai constar expresamente que os concelleiros do Grupo de Goberno, renuncian expresamente ao cobro das asistencias á sesión solicitada polo Grupo Socialista.

A concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez, tamén fai constar expresamente a renuncia dos concelleiros do seu grupo, a cobrar as asistencias en relación coa celebración de esta sesión

Seguidamente pasouse a tratar o asunto incluído na orde do día da sesión.

Coa data 22 de novembro, ten entrada no Concello escrito asinado por Ángeles Martínez Martínez, José Antonio Barreiro Villar, e Álvaro Santos Ramos, concelleira e concelleiros no Concello de Friol, que a continuación se transcribe:

"/.../

1. Que o artigo 46.2 da Ley 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local establece que "...asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación ...".
2. Que o mesmo citado artigo 46.2 da LBRL determinan que "ningún Concejal podrá solicitar la celebración de más de tres sesiones extraordinarias cada año".
3. O ROF, Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no seu artigo 78.2 establece que "Son sesiones extraordinarias aquellas que convoque el Alcalde o Presidente con tal carácter, por iniciativa propia o a solicitud de la cuarta parte, al menos del número legal de miembros de la Corporación. Tal solicitud habrá de hacerse por escrito en el que se razone el asunto o asuntos que la motiven, firmado personalmente por todos los que la suscriben".
4. Que os solicitantes da convocatoria de este pleno extraordinario cumpren todos os requisitos establecidos na normativa legal e regulamentaria citada.
5. O Concello de Friol, aplica, con carácter xeral, un tipo impositivo do 0.6% aos inmobles de natureza urbana.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Concello de Friol vén de producirse, non hai moito, un procedemento de regularización catastral que conlevou consigo a incorporación de numerosos inmobles e o incremento do valor catastral de moitos outros, o que, sen discutir a oportunidade do mesmo, significou un incremento nas liquidacións do I.B.I. á maioría dos vecinos e veciñas de Friol.

Por outro lado, o tipo impositivo en Friol era do 0.45%, véndose incrementado só por obriga por parte do Estado durante uns anos. Rematada a obriga legal, o Goberno Municipal decidiu incrementar o tipo impositivo dende o 0.45% ata o 0.6% actual.

6. Dende o PSdeG-PSOE de Friol, sempre consideramos inoportuna esa subida e, pola contra, oportuna unha rebaixa que aliviase o impacto do coñecido como catastrazo nas economías das familias friolenses.
7. De aprobarse nestas datas a modificación que se propón da Ordenanza Fiscal Reguladora do I.B.I., podería entrar en vigor o 1 de xaneiro de 2019, e polo tanto, ser de aplicación na liquidación do imposto xa para ese mesmo exercicio.

Por todo o exposto, os abaixo asinantes:

SOLICITAN:

Primeiro.- A convocatoria de UN PLENO EXTRAORDINARIO nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos.

Segundo.- A inclusión na orde do día de esta sesión extraordinaria dos seguintes puntos:

1. Proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do I.B.I. do Concello de Friol.

Propostas de acordo:

- O Concello de Friol establece como tipo impositivo para o I.B.I. de urbana o 0.4%.
- O novo tipo impositivo terá efectos para o exercicio 2019"

Polo Alcalde comunicouse aos concelleiros do Grupo Socialista que estaba prevista a convocatoria de sesión extraordinaria para a aprobación dos orzamentos do exercicio económico de 2019, así como calquera outro asunto da súa competencia que puidera estar disposto para a data da celebración da sesión. Por elo, solicitouse dos concellos do Grupo Socialista se autorizaban expresamente a incorporación á convocatoria da sesión solicitada, de outros asuntos. Coa data 30 de novembro, presentaron escrito no que comunican que non autorizan a inclusión no pleno extraordinario, que en dereito solicitaron, de outros asuntos.

Á vista do actuado, coa data 4 de decembro, procedeuse á convocatoria da sesión solicitada, para o día de hoxe, co único asunto obxecto da mesma.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZAS FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE FRIOL.- Polo Sr. Alcalde dáse a palabra ao Grupo Socialista, para que proceda á exposición da proposta presentada, que a continuación se transcribe:

5. "O Concello de Friol, aplica, con carácter xeral, un tipo impositivo do 0.6% aos inmobles de natureza urbana.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Concello de Friol vén de producirse, non hai moito, un procedemento de regularización catastral que conlevou consigo a incorporación de numerosos inmobles e o incremento do valor catastral de moitos outros, o que, sen discutir a oportunidade do mesmo, significou un incremento nas liquidacións do I.B.I. á maioría dos vecinos e veciñas de Friol.

Por outro lado, o tipo impositivo en Friol era do 0.45%, véndose incrementado só por obriga por parte do Estado durante uns anos. Rematada a obriga legal, o Goberno Municipal decidiu incrementar o tipo impositivo dende o 0.45% ata o 0.6% actual.

6. Dende o PSdeG-PSOE de Friol, sempre consideramos inoportuna esa subida e, pola contra, oportuna unha rebaixa que aliviasa o impacto do coñecido como catastrazo nas economías das familias friolenses.
7. De aprobarse nestas datas a modificación que se propón da Ordenanza Fiscal Reguladora do I.B.I., podería entrar en vigor o 1 de xaneiro de 2019, e polo tanto, ser de aplicación na liquidación do imposto xa para ese mesmo exercicio.

Por todo o exposto, os abaixo asinantes:

SOLICITAN:

/.../

1. Proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do I.B.I. do Concello de Friol.

Propostas de acordo:

- O Concello de Friol establece como tipo impositivo para o I.B.I. de urbana o 0.4%.
- O novo tipo impositivo terá efectos para o exercicio 2019"

Pola concelleira Sra. Martínez Martínez, ponse de manifesto que non ten claro si merece a pena discutir moito o asunto proposto, á vista do contido dos orzamentos que figuran na orde do día da sesión a celebrar a continuación. Pon de manifesto que o Concello está cobrando o I.B.I. de Urbana, cun dos tipos mais altos dos concellos do seu contorno, citando aos concellos de Guitiriz, Begonte e Outeiro de Rei, con tipos máis baixos. Engade que ademáis a estas alturas a totalidade dos veciños está sufrindo as consecuencias da revalorización catastral, concluíndo que a proposta está clara e non vai engadir mais ao respecto.

O Sr. Alcalde expón que aínda que non vai ser o caso, á vista da data de presentación da proposta e da tramitación esixida pola lexislación vixente, non sería posible que o tipo impositivo tivera efectos a 1 de xaneiro de 2019. En relación co exposto pola concelleira, de que hai concellos con tipos mais baixos, responde que tamén hai outros co tipo igual ou maior que o noso, poñendo como exemplos Pol, Pastoriza o Trabada. Engade que hai que mirar pola xestión económica do concello, polo que a postura do equipo de goberno é evidente, e votarán en contra da proposta. Conclúe dicindo que é a terceira vez nesta lexislatura que se debate esta petición, esperando que sexa a última, xa que deberá estarse ao que resulte nas eleccións para a vindeira lexislatura.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez, conclúe que á vista de que todos teñen claro as súas posturas non hai moito máis que dicir.

Polo Sr. Alcalde sométese a proposta a votación ordinaria, obténdose os seguintes resultados: oito votos en contra da proposta presentada (do Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e dous votos a favor da mesma (dos concelleiros do Grupo Socialista asistentes á sesión). Á vista do actúado, o Pleno do Concello **ACORDA** rexeitar a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles do Concello de Friol, solicitada polos concelleiros do Grupo Socialista.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde proclámase o acordo adoptado.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e quince minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.